

DESDE A MIÑA FIESTRA

O futuro do teatro en Galicia

26.08.2007 A Consellería de Cultura e Deporte e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais estableceron unha serie de actividades para a conmemoración da primeira obra representada en galego hai 125 anos

ALBINO MALLO

O 13 de agosto do 1882 estreábase no Liceo Brigantino da Coruña *A fonte do xuramento*, unha peza de teatro de Francisco de la Iglesia. Trátase da primeira representación rexistrada dunha obra en galego; o campo do teatro sumábase á recuperación cultural e á defensa da identidade galega que tiña lugar no derradeiro terzo do século XIX.

Pasaron desde entón 125 anos. Neste tempo, a dramaturxia do noso país revelouose como unha arte cunha importante función cultural, social e económica; como factor de identidade colectiva, de coñecemento da nosa historia e da nosa literatura, de extensión do uso da nosa lingua e de manifestación da nosa capacidade creadora.

Consciente disto a Consellería de Cultura e Deporte e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem) estableceron unha serie de actividades para festexar os 125 anos de vida do teatro en galego e poñer en valor os logros e os proxectos de futuro desta arte en Galiza.

Unha das primeiras actividades foi a apertura da exposición *Un país desde as táboas*, aberta no Museo de Belas Artes da Coruña.

É unha mostra de paneis e material audiovisual, con Carlos Biscainho como comisario, que recolle a historia do teatro en galego dende esa primeira representación no Liceo Brigantino da Coruña. Seis micro-espazos recollen os grandes períodos da escena galega: o teatro popular, o nacemento da dramaturxia galega, as tentativas modernizadoras na procura dun teatro para todos, o esmorecemento da actividade teatral coa ditadura, a refundación dos anos sesenta e setenta do século XX e a consolidación do sistema teatral vivida nas últimas décadas ata a creación do título académico de Artes Escénicas.

Pódense ver nos paneis, ademais de importantes textos explicativos de cada período, carteis e fotografías de obras teatrais e trazos físicos e intelectuais de importantes dramaturgos galegos entre os que figura algúns de tanta sona como Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Ramón Cabanillas, Lúgrís Freire e, entre os máis novos, Roberto Vidal Bolaño, un home que foi actor, director e escritor e que, lamentablemente, morreu en plena madurez física e creativa deixando un gran baleiro no teatro galego actual. Complétanse os paneis con reproducións de fotografías, de programas de man e tamén un espazo importante dedicado ao teatro de monicreques que sempre tivo en Galicia unha grande presenza, especialmente nas festas das parroquias e que agora pasa por un grande momento.

A mostra que fora inaugurada o pasado mes de xullo en Ribadavia, despois estar na Coruña, remata hoxe en Cee, e logo seguirá do 3 ao 16 de setembro no Carballiño, do 24 de setembro ao 3 de outubro en Vigo, do 4 ao 10 de outubro en O Barco, do 11 ao 21 de outubro en Carballo, do 23 de outubro ao 11 de novembro en Compostela, do 15 ao 25 de novembro en Lugo e do 27 de novembro ao 9 de decembro en Pontevedra.

Para que o teatro galego cumpra moitos máis aniversarios e cada vez con mellor saúde, a Consellería e o Igaem abriron este ano un debate co sector para crear unha estratexia para promover as artes escénicas: o primeiro Plan Galego das Artes Escénicas. Presentado o borrador en xuño do 2007, está previsto que se aprobe definitivamente durante o outono. A partir daquela, as artes escénicas contarán cun marco xeral para promover a súa difusión social, reforzar a estabilidade das empresas, fomentar a creatividade e promover a proxección exterior do sector. O Plan inclúe estratexias e medidas concretas. O proxecto ten unha concepción global, integrando as dimensións cidadá, artística e económica das artes escénicas.

A programación presentouna na Coruña a conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, durante un acto de lembranza e de homenaxe a esa primeira representación en galego e de recoñecemento ao labor dos profesionais do teatro neste tempo despois de descubrir unha placa conmemorativa na fachada do antigo Liceo Brigantino, que na actualidade acolle unha oficina municipal de servizos e que se atopa na Praza do Humor.

125 anos, 125 funcións

Serán 25 as compañías galegas que participan nas 125 funcións programadas precisamente por este 125 cabo de ano e percorreren 40 localidades de toda Galicia ata o 30 de setembro. A intención desta programación é achegarlle o teatro a públicos novos e darlle unha maior presenza social. Neste sentido, boa parte da programación terá lugar en espazos non convencionais.

Audiovisual inédito



Na exposición sobre os 125 anos de teatro en galego, o público escoita as explicacións de Carlos Biscainho; un dos grupos actuantes; e a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, cos zancudos

Xunto aos paneis explicativos da exposición engádesse material audiovisual de gran valor histórico. Rescatados dos arquivos ou cedidos expresamente polos propios protagonistas, figuran entre este material un extracto de 4 minutos da estrea de 'Os vellos non deben de namorarse', de Castelao, ou entrevistas a persoeiros como Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro.

Caixanova e o teatro

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Elena Sánchez Piñón, e o presidente de Caixanova, Julio Fernández Gayoso, asinaron un convenio de colaboración en virtude do cal se creará un taller de teatro na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia. O obxectivo final do acordo é potenciar a creación e a investigación teatral no centro con diversas actividades